

I. DISPOSICIONES XERAIS

XEFATURA DO ESTADO

5451 *Real decreto lei 3/2018, do 20 de abril, polo que se modifica a Lei 16/1987, do 30 de xullo, de ordenación dos transportes terrestres, en materia de arrendamento de vehículos con condutor.*

O Regulamento da Lei de ordenación dos transportes terrestres, aprobado polo Real decreto 1211/1990, do 28 de setembro, e modificado na materia polo Real decreto 1057/2015, do 20 de novembro, establece, nos seus artigos 181 e 182, determinadas condicións en relación co exercicio da actividade de arrendamento de vehículos con condutor e o outorgamento das autorizacións que habilitan para isto.

Tendo en conta que algunhas de tales condicións resultan básicas para garantir un adecuado equilibrio entre a oferta de servizos nesta modalidade de transporte e a que representan os taxis, amparados nas correspondentes licenzas municipais e, se for o caso, autorizacións de transporte de viaxeiros en vehículos de turismo, considérase necesario dar a maior seguridade xurídica posible acerca das regras aplicables para o efecto.

A extraordinaria e urxente necesidade que constitúe o presuposto habilitante para acudir ao instrumento xurídico do real decreto lei xustifícase porque se está producindo un incremento exponencial do número de autorizacións de arrendamento de vehículos con condutor, que non puido ser inicialmente previsto polas administracións competentes, que comeza a afectar de maneira inmediata e significativa a prestación doutras modalidades de transporte e, moi especialmente, os servizos prestados polos taxis no ámbito urbano, os cales, dada a consideración de servizos de interese público fundamental que tradicionalmente lles vén atribuíndo nese ámbito a regulamentación local e autonómica que lles resulta de aplicación, se encontran fortemente regulados, con consecuencias que non só están xerando unha situación de conflito entre os dous sectores profesionais afectados senón que ameazan con ter repercusións sobre os propios usuarios dos servizos.

Preténdese, pois, abordar a situación a que deron lugar as circunstancias descritas adoptando medidas que garantan de forma inmediata e cara ao futuro a adecuada coordinación entre as normas de aplicación a dúas modalidades de transporte que, inevitablemente, interactúan nun mesmo segmento do mercado, de forma que se evite calquera repercusión sobre os usuarios dos servizos e a orde pública.

Por outra parte, de continuar aumentando sen límite o número de autorizacións de arrendamento de vehículos con condutor podería chegar a perigar a efectividade das políticas locais destinadas a racionalizar a prestación ao público de servizos de transporte en vehículos de turismo no ámbito urbano e metropolitano.

Trátase, pois, de sinalar, mediante norma de rango adecuado, as regras que compatibilicen as condicións de exercicio da actividade de arrendamento de vehículos con condutor coa regulación aplicable ao transporte urbano na modalidade de taxi, e permitir, así, a aplicación congruente das normas ditadas no ámbito autonómico e municipal para regular o transporte público de viaxeiros en vehículos de turismo no dito ámbito co réxime aplicable ás actividades de arrendamento de vehículos con condutor e de transporte público interurbano en vehículos de turismo regulado polo Estado no exercicio das súas competencias.

A necesidade urxente de dotar de maior seguridade xurídica as regras aplicables á actividade de arrendamento de vehículos con condutor coa finalidade de garantir o adecuado equilibrio entre a oferta destes servizos e a do taxi, con base na aplicación dun réxime único en todo o territorio nacional, fai necesario determinar, de forma inmediata e cunha norma de rango legal adecuado, as regras destinadas a garantir a coexistencia harmónica de ambas as modalidades de transporte de viaxeiros en vehículos de turismo.

Do anterior resulta ademais que, neste caso, o real decreto lei representa un instrumento constitucionalmente lícito, en canto que pertinente e adecuado para a consecución do fin que xustifica a lexislación de urxencia, que non é outro, tal como reiteradamente exixiu o noso Tribunal Constitucional, que solucionar unha situación concreta dentro dos obxectivos gobernamentais que, por razóns difíciles de prever, require unha acción normativa inmediata nun prazo máis breve que o requirido pola vía normal ou polo procedemento de urxencia para a tramitación parlamentaria das leis.

Por tanto, no conxunto e en cada unha das medidas que se adoptan, concorren, pola súa natureza e finalidade, as circunstancias de extraordinaria e urxente necesidade que exige o artigo 86 da Constitución española como presupostos habilitantes para a aprobación dun real decreto lei.

Na súa virtude, facendo uso da autorización contida no artigo 86 da Constitución española, por proposta do ministro de Fomento, logo de deliberación do Consello de Ministros, na súa reunión do día 20 de abril de 2018,

DISPOÑO:

Artigo único. *Modificación da Lei 16/1987, do 30 de xullo, de ordenación dos transportes terrestres.*

A Lei 16/1987, do 30 de xullo, de ordenación dos transportes terrestres, queda modificada nos seguintes termos:

Un. Modifícase o artigo 9.1, que queda redactado da seguinte maneira:

«1. Para promover e facilitar o exercicio coordinado das potestades públicas por parte das administracións do Estado e das comunidades autónomas, e asegurar o mantemento dun sistema común de transportes en toda a Nación, así como a mellora da competitividade do sector de transporte de viaxeiros, créase, con carácter de órgano consultivo e deliberante, a Conferencia Nacional de Transportes, que estará constituída polo ministro de Fomento e polos conselleiros das comunidades autónomas, competentes no ramo de transportes. Cando a natureza dos asuntos que se traten así o requira, poderán incorporarse á citada conferencia representantes doutros departamentos da Administración central ou das comunidades autónomas afectadas.»

Dous. Engádesse un novo número 3 ao artigo 48, coa seguinte redacción:

«3. Sen prexuízo do disposto no punto anterior, co fin de manter o adecuado equilibrio entre a oferta de ambas as modalidades de transporte, procederá denegar o outorgamento de novas autorizacións de arrendamento de vehículos con condutor cando a proporción entre o número das existentes no territorio da comunidade autónoma en que pretendan domiciliarse e o das de transporte de viaxeiros en vehículos de turismo domiciliadas nese mesmo territorio sexa superior a unha daquelas por cada trinta destas.

Non obstante, aquelas comunidades autónomas que, por delegación do Estado, asumiron competencias en materia de autorizacións de arrendamento de vehículos con condutor poderán modificar a regra de proporcionalidade sinalada no parágrafo anterior, sempre que a que apliquen sexa menos restritiva que esa.»

Tres. Engádesse un número 2 ao artigo 91, coa seguinte redacción:

«2. Sen prexuízo de que, conforme o disposto no punto anterior, as autorizacións de arrendamento de vehículos con condutor habilitan para realizar servizos en todo o territorio nacional, sen limitación ningunha por razón da orixe ou destino do servizo, os vehículos que desenvolvan esa actividade deberán ser utilizados habitualmente na prestación de servizos destinados a atender

necesidades relacionadas co territorio da comunidade autónoma en que se encuentre domiciliada a autorización en que se amparan.

En todo caso, entenderase que un vehículo non foi utilizado habitualmente na prestación de servizos destinados a atender necesidades relacionadas co territorio da comunidade autónoma en que se encontra domiciliada a autorización en que se ampara cando o vinte por cento ou máis dos servizos realizados con ese vehículo dentro dun período de tres meses non discorrese, nin sequera parcialmente, polo dito territorio.»

Disposición adicional primeira. *Cooperación no marco da Conferencia Nacional de Transportes para mellorar a coordinación do sector de transportes de viaxeiros en vehículos de turismo.*

De conformidade co que se dispón no artigo 9.1 da Lei 16/1987, do 30 de xuño, de ordenación dos transportes terrestres, o ministro de Fomento convocará de forma extraordinaria a Conferencia Nacional de Transportes para analizar e identificar aqueles aspectos e medidas a nivel estatal e autonómico que poidan ser susceptibles de modificación para mellorar a competitividade, a competencia, a prestación do servizo e a coordinación no ámbito urbano e interurbano da actividade desenvolvida polas distintas modalidades de transporte de viaxeiros en vehículos de turismo, conforme os principios que deban cumprir os requisitos que regulen o acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio segundo a normativa vixente.

Disposición derogatoria única. *Derogación normativa.*

Quedan derogados o número 3 do artigo 181 e os dous primeiros parágrafos do número 5 do artigo 182 do Regulamento da Lei de ordenación dos transportes terrestres, aprobado polo Real decreto 1211/1990, do 28 de setembro, así como cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao establecido neste real decreto lei.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto lei dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.21.^a da Constitución, que atribúe ao Estado a competencia sobre os transportes terrestres que transcorran polo territorio de máis dunha comunidade autónoma.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Este real decreto lei entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 20 de abril de 2018.

FELIPE R.

O presidente do Goberno,
MARIANO RAJOY BREY